

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2018 pola que se redistribúen e se minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

1. Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2017 desta dirección, referida no encabezamento, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 21, do 30 de xaneiro de 2018, acordouse a aprobación das bases reguladoras xunto coa convocatoria de subvencións, cuxo procedemento administrativo de concesión se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica, executados en Galicia para a Administración local, entidades sen ánimo de lucro, comunidades de montes, empresas e autónomos.

2. Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para o ano 2018. A procedencia dos fondos é de diversa natureza: fondos da Comunidade Autónoma e fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes, conséntase que nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao esperado, mentres que noutras o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, polo que cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e minorar o crédito orzamentario.

O artigo 3 da resolución, relativo ao financiamento, prevé unha dotación inicial de 3.128.546,00 euros e no parágrafo segundo dese mesmo artigo establécese que o crédito máximo poderá ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles ou a calidade dos proxectos solicitados non alcanza a puntuación mínima exigida.



Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética,

RESOLVO:

Primeiro. Minorar a dotación de fondos inicialmente prevista para esta convocatoria na contía de 750.872,66 euros polo que o importe total asignado para estas axudas tras esta modificación ascende a 2.377.673,34 euros.

Segundo. Unha vez minorados os fondos, estes redistribúense do seguinte xeito:

Medida: fomento das actividades asociadas ao ciclo de aproveitamento de biomasa.

Distribución por liña de axuda	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
Empresas e autónomos biomasa tipoloxía B (Feder)	1.383.416	-756.629,12	626.786,88
Administración pública local biomasa (Feder)	900.000	- 45.332,23	854.667,77
Entidades sen ánimo de lucro biomasa (Feder)	100.000	51.088,69	151.088,69
Empresas e autónomos biomasa tipoloxía A (fondos propios)	145.130	-73.278,19	71.851,81
Empresa e autónomos xeotérmica (fondos propios)	300.000	- 51.704,07	248.295,93
Empresas e autónomos aerotermia e solar térmica (fondos propios)	300.000	124.982,26	424.982,26
Total	3.128.546	-750.872,66	2.377.673,34

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

